



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 233
25 de novembro de 2021



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

I 24954 - 9119 (11/PRE-002523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das conclusións reflectidas no informe do Consello de Contas de Galicia referido aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao período 2010-2016

[90852](#)

I 24950 - 12469 (11/PRE-002976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa exclusión financeira da cidadanía de Ourense que carece de sucursal bancaria nos seus concellos e de acceso dixital aos servizos bancarios

[90855](#)

I 25001 - 12605 (11/PRE-003022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre o estado de tramitación dos expedientes de extinción das concesións de sete centrais hidroeléctricas da bacía Galicia-Costa e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

[90858](#)

I 24999 - 13332 (11/PRE-003346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coas verteduras contaminantes procedentes da antiga mina de Varilongo, no concello de Santa Comba

[90861](#)

I 24998 - 15904 (11/PRE-003612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no relativo ao desenvolvemento da Lei de protección dos ríos galegos

[90863](#)

I 24965 - 7110 (11/PRE-003917)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do incumprimento por parte da Administración autonómica das recomendacións feitas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización

[90866](#)



I 24964 - 7187 (11/PRE-003936)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre a interrupción do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable no concello da Merca [90868](#)

I 24961 - 7357 (11/PRE-004011)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón**

Sobre a reversión dos aproveitamentos hidroeléctricos á xestión pública [90871](#)

I 24960 - 7359 (11/PRE-004013)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón**

Sobre a tramitación de expedientes de extinción das concesións hidráulicas [90873](#)

I 24959 - 7727 (11/PRE-004077)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o transporte no encoro de Portodemouros [90876](#)

I 24958 - 8033 (11/PRE-004159)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis**

Sobre a necesidade de implantar un plan integral de rexeneración das rías e ríos de Galicia [90879](#)

I 24956 - 8967 (11/PRE-004268)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar a calidade das augas da ría de Muros e Noia e dos concellos que forman parte da bacía do Tambre [90882](#)

I 24955 - 9118 (11/PRE-004314)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do informe do Consello de Contas de Galicia referido aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao período 2010-2016 [90885](#)

I 24953 - 11070 (11/PRE-004556)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 12 máis**

Sobre o avance que presentan os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e o centro de Sarria [90888](#)



I 24951 - 12467 (11/PRE-004697)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a exclusión financeira da cidadanía de Ourense que carece de sucursal bancaria nos seus concellos

[90891](#)

I 24949 - 12607 (11/PRE-004706)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir no futuro o retorno público das sete centrais hidroeléctricas da bacía Galicia-Costa con expediente de extinción da concesión en trámite

[90894](#)

I 25115 - 6883 (11/PRE-005232)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o Plan director de saneamento de Noia

[90897](#)

I 24963 - 7195 (11/PRE-005283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre as concesións para aproveitamentos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa-Augas

[90899](#)

I 24962 - 7197 (11/PRE-005285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre o estado de tramitación de seis expedientes de extinción de concesións de saltos hidráulicos de competencia da Xunta de Galicia

[90902](#)

I 25009 - 8085 (11/PRE-005537)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas ou que vai adoptar a Xunta de Galicia destinadas a recuperar a calidade das augas do río Eume, tanto dende o punto de vista ecolóxico como para o seu consumo

[90905](#)

I 24957 - 8090 (11/PRE-005542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego dun plan integral de rexeneración das rías e dos ríos de Galicia para esta lexislatura 2020-2024, así como a mellora das EDAR existentes e dos procesos de tratamento e xestión das verteduras das augas residuais

[90907](#)

I 25007 - 8806 (11/PRE-005767)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a penalización por parte de Augas de Galicia da participación veciñal en labores de conservación do patrimonio natural e cultural na limpeza do regato Maceiras, en Chapela

[90911](#)



I 25114 - 9184 (11/PRE-005808)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a valoración do Goberno da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das obrigas establecidas na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario

[90913](#)**I 24952 - 11071 (11/PRE-005999)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 12 máis**

Sobre o avance que presentan os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e o centro de Sarria, e as características técnicas máis salientables desta actuación

[90917](#)**I 25006 - 12604 (11/PRE-006144)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 4 máis**

Sobre o estado de tramitación dos expedientes de extinción das concesións de sete centrais hidroeléctricas da bacía Galicia-Costa e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

[90920](#)**I 25000 - 13331 (11/PRE-006193)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coas verteduras contaminantes procedentes da antiga mina de Varilongo, no concello de Santa Comba

[90923](#)**I 24948 - 22485 (11/PRE-006992)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis**

Sobre a cobertura da praza da traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo

[90925](#)**I 24947 - 23175 (11/PRE-007053)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis**

Sobre a contaminación nos ríos Deza e Asneiros

[90927](#)**I 24967 - 23342 (11/PRE-007066)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre o desafiuzamento das familias inquilinas das vivendas da Sareb no concello de Silleda

[90929](#)**I 25113 - 23467 (11/PRE-007075)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a información relativa aos datos de contaxios e falecementos por covid-19 nos centros de atención residencial para persoas maiores

[90931](#)

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma

Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 26 de outubro de 2021, polo que se designa un senador en representación da Comunidade Autónoma de Galicia. [90851](#)



A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 22 de novembro de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 24954 - 9119 (11/PRE-002523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das conclusións reflectidas no informe do Consello de Contas de Galicia referido aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao período 2010-2016

- 24950 - 12469 (11/PRE-002976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa exclusión financeira da cidadanía de Ourense que carece de sucursal bancaria nos seus concellos e de acceso dixital aos servizos bancarios

- 25001 - 12605 (11/PRE-003022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre o estado de tramitación dos expedientes de extinción das concesións de sete centrais hidroeléctricas da bacía Galicia-Costa e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

- 24999 - 13332 (11/PRE-003346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coas verteduras contaminantes procedentes da antiga mina de Varilongo, no concello de Santa Comba

- 24998 - 15904 (11/PRE-003612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no relativo ao desenvolvemento da Lei de protección dos ríos galegos

- 24965 - 7110 (11/PRE-003917)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do incumprimento por parte da Administración autonómica das recomendacións feitas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización



- 24964 - 7187 (11/PRE-003936)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a interrupción do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable no concello da Merca

- 24961 - 7357 (11/PRE-004011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a reversión dos aproveitamentos hidroeléctricos á xestión pública

- 24960 - 7359 (11/PRE-004013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a tramitación de expedientes de extinción das concesións hidráulicas

- 24959 - 7727 (11/PRE-004077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o transporte no encoro de Portodemouros

- 24958 - 8033 (11/PRE-004159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a necesidade de implantar un plan integral de rexeneración das rías e ríos de Galicia

- 24956 - 8967 (11/PRE-004268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar a calidade das augas da ría de Muros e Noia e dos concellos que forman parte da bacía do Tambre

- 24955 - 9118 (11/PRE-004314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do informe do Consello de Contas de Galicia referido aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao período 2010-2016

- 24953 - 11070 (11/PRE-004556)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 12 máis

Sobre o avance que presentan os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e o centro de Sarria



- 24951 - 12467 (11/PRE-004697)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a exclusión financeira da cidadanía de Ourense que carece de sucursal bancaria nos seus concellos

- 24949 - 12607 (11/PRE-004706)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir no futuro o retorno público das sete centrais hidroeléctricas da bacía Galicia-Costa con expediente de extinción da concesión en trámite

- 25115 - 6883 (11/PRE-005232)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o Plan director de saneamento de Noia

- 24963 - 7195 (11/PRE-005283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre as concesións para aproveitamentos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa-Augas

- 24962 - 7197 (11/PRE-005285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre o estado de tramitación de seis expedientes de extinción de concesións de saltos hidráulicos de competencia da Xunta de Galicia

- 25009 - 8085 (11/PRE-005537)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas ou que vai adoptar a Xunta de Galicia destinadas a recuperar a calidade das augas do río Eume, tanto dende o punto de vista ecolóxico como para o seu consumo

- 24957 - 8090 (11/PRE-005542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego dun plan integral de rexeneración das rías e dos ríos de Galicia para esta lexislatura 2020-2024, así como a mellora das EDAR existentes e dos procesos de tratamento e xestión das verteduras das augas residuais

- 25007 - 8806 (11/PRE-005767)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a penalización por parte de Augas de Galicia da participación veciñal en labores de conservación do patrimonio natural e cultural na limpeza do regato Maceiras, en Chapela



- 25114 - 9184 (11/PRE-005808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das obrigas establecidas na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario

- 24952 - 11071 (11/PRE-005999)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 12 máis

Sobre o avance que presentan os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e o centro de Sarria, e as características técnicas máis salientables desta actuación

- 25006 - 12604 (11/PRE-006144)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre o estado de tramitación dos expedientes de extinción das concesións de sete centrais hidroeléctricas da bacía Galicia-Costa e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

- 25000 - 13331 (11/PRE-006193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coas verteduras contaminantes procedentes da antiga mina de Varilongo, no concello de Santa Comba

- 24948 - 22485 (11/PRE-006992)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre a cobertura da praza da traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo

- 24947 - 23175 (11/PRE-007053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a contaminación nos ríos Deza e Asneiros

- 24967 - 23342 (11/PRE-007066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o desafiuzamento das familias inquilinas das vivendas da Sareb no concello de Silleda

- 25113 - 23467 (11/PRE-007075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio



Sobre a información relativa aos datos de contaxios e falecementos por covid-19 nos centros de atención residencial para persoas maiores

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma

Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 26 de outubro de 2021, polo que se designa un senador en representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Pleno do Parlamento, en sesión específica que tivo lugar o 26 de outubro de 2021, acordou designar senador representante da Comunidade Autónoma de Galicia a D. Juan Carlos Serrano López, de acordo co establecido no artigo 69.5º da Constitución española, no artigo 10.1.c) do Estatuto de autonomía de Galicia e no artigo 165.4 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9119**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre “ **a valoración que fai o Goberno galego das conclusións reflectidas no informe do Consello de Contas de Galicia referido aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao período 2010-2016**”, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O goberno galego ven dende 2009 atendendo as recomendacións do Consello de Contas para mellorar a xestión financeira e o control do gasto. Os propios informes do Consello de Contas evidencian que a Xunta cumpre as recomendacións que fai o organismo fiscalizador.

En relación ao rexistro de entidades do sector público da Xunta de Galicia este entrará en funcionamento neste ano. O pasado mes de xullo de 2021 publicouse o anteproxecto de decreto no portal de transparencia aos efectos de dar cumprimento ao trámite de información pública.

O obxectivo é aglutinar nun rexistro propio e de carácter informativo toda información relativa as entidades instrumentais que forman parte do sector público autonómico.

Neste rexistro, que garante a información pública e a ordenación das entidades públicas, inscribíranse todos aqueles entes que xa forman parte do sector público autonómico, aqueles que se constitúan e os demais actos relacionados con eles que se determinen regulamentariamente.

A iniciativa ponse en marcha no marco da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral do sector público autonómico de Galicia e da cumprimento a unha das recomendacións do Consello de Contas.



Ata o momento da creación de este rexistro toda a información estaba recollida no Inventario de Entidades do Sector Público estatal, autonómico e local dependente do Ministerio de Hacienda, e podía consultarse tamén a través da web de Transparencia do Goberno galego.

En canto ao proceso de extinción de entidades o goberno ten posto en marcha varios procesos de integración do persoal dos entes e realizando procesos de homoxeneización das súas condicións laborais; un exemplo é que recentemente se publicou o decreto de extinción do CIXTEC e iniciado o proceso de integración do persoal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24954
Data envío: 15/11/2021 15:56:38.226

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:56:34

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12469**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa exclusión financeira da cidadanía de Ourense que carece de sucursal bancaria nos seus concellos e de acceso dixital aos servizos bancarios”**, (publicada no BOPG número 113 do 18 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“Como xa se ten manifestado O Goberno galego en numerosas ocasións, a exclusión financeira é unha preocupación compartida polo Goberno galego que xa foi tratada en numerosos ocasións no Parlamento de Galicia.

Os acontecementos e as novas que están xurdir nos últimos meses incrementaron a inquedanza e o descontento social por un problema, como é o do acceso aos servizos bancarios e financeiros, fundamentalmente no ámbito rural, que afecta xa a máis da metade dos municipios en España.

Unha preocupación, unha inquedanza que é compartida polo goberno galego, pero non de agora, senón xa de hai tempo, e de feito, a Xunta de Galicia foi unha das primeiras Comunidades autónomas en abordar o problema e leva desde o ano 2109, en coordinación e colaboración coa FEGAMP, na busca de solucións e de medidas que teñen como único obxectivo o de facilitar que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos a servizos financeiros.

Estamos ante unha problemática nacional e así o pasado ano pecháronse en España máis de 1.600 oficinas e desde o ano 2008 pecháronse mais de 23.000 sucursais, o que supón un axuste de mais do 51% con Comunidades autónomas como Cataluña cunha caída dun 64%.

Esta problemática, aínda que non é exclusiva, é nas zonas rurais onde se está vendo mais agravada e en España hai mais de 4.200 concellos que carecen de oficina bancaria no seu termo municipal.



Por todo isto a Xunta de Galicia ven reclamando unha diagnose, un tratamento e unha solución coordinada por parte das diferentes administracións e capitaneada polo Goberno de España porque estamos ante unha problemática xeneralizada.

Desta forma o Goberno galego xa ten reclamado, en diferentes ocasións, ao goberno central o que xa foi aprobado o 9 de setembro de 2020 nunha moción do grupo parlamentario socialista no Senado; a necesidade de que se elabore un estudo completo e detallado que analice a situación do mercado financeiro, para a partir do mesmo, elaborar unha estratéxica global con medidas que faciliten e garantan o acceso da poboación aos servizos financeiros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24950
Data envío: 15/11/2021 15:56:05.680

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:56:01

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12605**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de tramitación dos expedientes de extinción das concesións de sete centrais hidroeléctricas da bacía Galicia-Costa e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 114 do 22 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa hai 4 instalacións cuxo dereito concesional está en trámite de extinción por transcurso de prazo de vixencia e son o aproveitamento de Ponte Inferno, no río Verdugo; o de Güimil, no río Lembre; o de La Castellana, no río Mandeo e de Fervenzas, no río Vexo.

Todos estes procedementos están iniciados e pendentes da emisión do correspondente informe polo Servizo encargado de Augas de Galicia, no marco da tramitación establecida no Regulamento do dominio público hidráulico.

Respecto do aproveitamento hidroeléctrico no río Anllóns foi ditada xa a resolución declarativa da extinción do dereito concesional.

A finalización do prazo outorgado para as concesións representa unha causa de extinción dos títulos habilitantes, que está regulada expresamente na lexislación sectorial de aplicación.

Tamén está regulado o procedemento de extinción e a análise de alternativas existentes cara ao futuro do aproveitamento.



A extinción dos dereitos concesionais relativos ás concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración Hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso por caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades.

As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural.

Nos casos nos que resulte viable e exista posibilidade de elección da alternativa de continuidade da explotación hidroeléctrica, esta xestión realizarase mediante un modelo que reverta no interese público.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2021 13:21:43
Nº Rexistro: 25001
Data envío: 16/11/2021 13:21:43.621

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/11/2021 13:21:39

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 13332**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coas verteduras contaminantes procedentes da antiga mina de Varilongo, no concello de Santa Comba”**, (publicada no BOPG número 122 do 8 de abril de 2021), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Augas de Galicia, con data do 20 de abril de 2010, outorgou unha autorización de vertido a Cantera de la Mina, SL para a explotación mineira “Costa del Perro Nº 129”, dedicada á obtención de áridos, que foi modificada parcialmente o 24 de maio de 2013 no relativo á periodicidade de control do vertido.

O 17 de novembro de 2020 Augas de Galicia efectuou unha inspección que deu lugar á incoación, con data do 18 de decembro de 2020, dun expediente sancionador contra Galicia Tin & Tungsten, S.L. por vertido non autorizado ao regato dos Lagos do efluente da mina de Varilongo - Carballeira, que se corresponde coa explotación “Carmen”, explotación mineira de interior dedicada á extracción de wolframio.

O 18 de marzo de 2021 emitíuse o acordo de suspensión deste procedemento en virtude do disposto no art.120 do Texto Refundido da Lei de Augas, despois de que o Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago de Compostela, por providencia acordada nas Dilixencias Previas 1092/2020, requirira información de Augas de Galicia en relación co vertido obxecto do expediente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2021 13:21:24
Nº Rexistro: 24999
Data envío: 16/11/2021 13:21:24.839

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/11/2021 13:21:20

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 15904**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia no relativo ao desenvolvemento da lei de protección dos ríos galegos”**, (publicada no BOPG número 141 do 20 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Nas demarcacións hidrográficas, a planificación hidrolóxica realízase mediante a redacción, seguimento e actualización dos plans hidrolóxicos de conca, en función do establecido na Directiva Marco da Auga e demais normativa de aplicación.

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa realiza unha análise exhaustiva do medio hídrico e, basándose nela, realiza unha avaliación do estado das masas de auga da demarcación. A partir dos resultados desta diagnose, establécense as medidas que se deben desenvolver para conseguir unha axeitada xestión dos recursos hídricos e do ciclo integral da auga.

Augas de Galicia actúa como promotora do plan e coordinadora de todo o proceso, pero a planificación hidrolóxica inclúe as medidas a adoptar por parte de todas as administracións con competencias relacionadas coa xestión da auga, tanto a nivel estatal, autonómico, como local.

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa fixa como obxectivos xerais a consecución do bo estado e a axeitada protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial.

A planificación hidrolóxica é un proceso cíclico e iterativo, mediante o cal se deseñan as accións relacionadas co uso e a xestión das augas, coa finalidade de alcanzar determinados obxectivos ambientais e socioeconómicos, e ten que axustarse ás esixencias comunitarias.



O proceso de planificación hidrolóxica debe completarse cada seis anos e actualmente estase en proceso de revisión. Así, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, publicou, o 30 de abril deste ano, o inicio da fase de consulta pública da proposta do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa 2021-2027.

Tras recibir e analizar as achegas e suxestións recibidas, elaborárase o documento definitivo, que deberá ser autorizado polo Consello Reitor de Augas de Galicia para ser elevado logo ao Consello da Xunta para a súa aprobación. Tamén deberá ser informado polo Consello Nacional da Auga e completar a súa aprobación definitiva como Real Decreto por parte do Consello de Ministros. Tras superar estes trámites o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2021-2027 deberá ser remitido á Unión Europea a través do Goberno de España.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2021 13:21:07
Nº Rexistro: 24998
Data envío: 16/11/2021 13:21:07.480

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/11/2021 13:20:54

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -número: 7110, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego respecto do incumprimento por parte da Administración autonómica das recomendacións feitas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización”**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O Consello de Contas recolle de forma expresa nos seus últimos informes os cambios que a Xunta de Galicia introduciu atendendo ás recomendacións do Consello de Contas.

Un exemplo é que xa se inclúe nos Orzamentos a práctica totalidade das entidades dependentes no ámbito subxectivo do orzamento e un apartado específico sobre beneficios fiscais no que se explica a súa contía.

Ademais nos últimos anos incorporáronse outras recomendacións relevantes, por exemplo, desde 2015 preséntanse modificacións nas previsións iniciais de ingresos, e desde 2018 xa se inclúen como gasto extraorzamentario as entregas do Fondo de Garantía Agraria.

Tamén no exercicio 2019, incorporouse na memoria da Conta Xeral o saldo das contas de habilitación á información de tesourería, mellorouse a identificación e o seguimento dos remanentes de tesourería afectados ao financiamento de gastos de exercicios futuros e incluíuse información sobre acredores por operacións devindicadas pendentes de aplicación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24965
Data envío: 15/11/2021 15:58:09.539

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:58:06

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 7187**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a interrupción do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable no Concello da Merca”**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, atribúe aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Outórgalles as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e sumidoiros.

En consecuencia, a prestación do servizo de abastecemento de auga de A Merca é responsabilidade da administración local.

O canon da auga é un canon ambiental que se cobra por detraer auga do medio e que se reinveste no propio medio para paliar as afeccións que causa esa detración. Ven regulado na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, que establece no seu artigo 44, a afección do importe recadado por este imposto aos programas de gasto que este mesmo precepto recolle.



Por lei, o canon da auga ten que ser destinado á protección, restauración e mellora do medio acuático, á colaboración coas administracións competentes para a acadar uns servizos eficientes de subministro e saneamento e á obtención da solidariedade interterritorial.

É un imposto que reverte e beneficia aos concellos. Os ingresos recadados do canon da auga destínanse a garantir a xestión administrativa de toda a Demarcación Galicia Costa e a realizar un importante investimento en infraestruturas hídricas, tanto propias como executadas por outras administración coas que Augas de Galicia comparte cofinanciamento.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia ten investido moito máis do que recada polo concepto do canon de abastecemento de auga para dotar aos concellos das infraestruturas necesarias para a prestación dos servizos de abastecemento e depuración de auga. Unha realidade da que non é alleo o concello da Merca.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24964
Data envío: 15/11/2021 15:58:01.320

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:57:57

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. Ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7357**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista de Galicia, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e Noa Presas Bergantiños, sobre “**a reversión dos aproveitamentos hidroeléctricos á xestión pública**”, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

A finalización do prazo outorgado para as concesións hidroeléctricas representa unha causa de extinción dos títulos habilitantes, que está regulada expresamente na lexislación sectorial de aplicación. Tamén está regulado o procedemento de extinción e a análise de alternativas existentes cara ao futuro do aproveitamento.

A extinción dos dereitos concesionais relativos ás concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración Hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso por caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades.

As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural.

Nos casos nos que resulte viable e exista posibilidade de elección da alternativa de continuidade da explotación hidroeléctrica, esta xestión realizarase mediante un modelo que reverta no interese público..

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24961
Data envío: 15/11/2021 15:57:36.695

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:57:33

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 7359**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e doñe Ramón Fernández Alfonso, sobre “**a tramitación de expedientes de extinción das concesións hidráulicas**”, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa hai 4 instalacións cuxo dereito concesional está en trámite de extinción por transcurso de prazo de vixencia e son o aproveitamento de Ponte Inferno, no río Verdugo; o de Güimil, no río Lambre; o de La Castellana, no río Mandeo e de Fervenzas, no río Vexo.

Todos estes procedementos están iniciados e pendentes da emisión do correspondente informe polo Servizo encargado de Augas de Galicia, no marco da tramitación establecida no Regulamento do dominio público hidráulico.

Respecto do aproveitamento hidroeléctrico no río Anllóns foi ditada xa a resolución declarativa da extinción do dereito concesional.

A finalización do prazo outorgado para as concesións representa unha causa de extinción dos títulos habilitantes, que está regulada expresamente na lexislación sectorial de aplicación.

Tamén está regulado o procedemento de extinción e a análise de alternativas existentes cara ao futuro do aproveitamento.

A extinción dos dereitos concesionais relativos ás concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración Hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso por caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades.



As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural.

Nos casos nos que resulte viable e exista posibilidade de elección da alternativa de continuidade da explotación hidroeléctrica, esta xestión realizarase mediante un modelo que reverta no interese público.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24960
Data envío: 15/11/2021 15:57:28.758

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:57:24

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 7727**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o transporte no encoro de Portodemouros**”, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A instalación da barcaza de paso no encoro de Portodemouros vén herdada dunha autorización administrativa concedida nos anos 70. Augas de Galicia, respectando os actos administrativos ditados e dentro do seu marco competencial, vela polo cumprimento das condicións que rexen a concesión.

O concesionario da barcaza Azulón Primeiro ten a obriga de conservar ou substituír as servidumes existentes que se vexan afectadas polo desenvolvemento do aproveitamento, inherente á Orde Ministerial de outorgamento da concesión integral para aproveitamento hidroeléctrico no río Ulla do 10/11/1962, entre os que se atopa o Salto de Portodemouros.

A explotación da barcaza réxese polas prescricións ditadas nos anos 70 no seo dos actos administrativos autorizatorios do proxecto de substitución de servidumes e de establecemento da barcaza de paso, co ditado o 22 de maio de 1975 da Orde Ministerial por la que se resolve que a sociedade concesionaria deberá manter no encoro de Portodemouros unha barca de paso para o transporte de vehículos, carros, persoas e animais dunha marxe cara á outra, debendo ter unha capacidade de carga de 15 toneladas métricas.



O titular da explotación está tamén suxeito ao contido da resolución ditada o 13 de outubro de 2006 por Augas de Galicia pola que se aproba o proxecto de reforma e ampliación da barcaza para transporte fluvial. O proxecto foi presentado polo concesionario, a instancias de Augas de Galicia, que, ante as demandas dos veciños usuarios da barcaza sobre o espazo e a capacidade desta, requiriulle á empresa o cumprimento dos condicionantes impostos na súa resolución concesional.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24959
Data envío: 15/11/2021 15:57:20.273

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:57:16

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno-**número: 8033**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de implantar un plan integral de rexeneración das rías e ríos de Galicia”**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Nas demarcacións hidrográficas, a planificación hidrolóxica realizase mediante a redacción, seguimento e actualización dos plans hidrolóxicos de conca, en función do establecido na Directiva Marco da Auga e demais normativa de aplicación.

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa realiza unha análise exhaustiva do medio hídrico e, basándose nela, realiza unha avaliación do estado das masas de auga da demarcación. A partir dos resultados desta diagnose, establécense as medidas que se deben desenvolver para conseguir unha axeitada xestión dos recursos hídricos e do ciclo integral da auga.

Augas de Galicia actúa como promotora do plan e coordinadora de todo o proceso, pero a planificación hidrolóxica inclúe as medidas a adoptar por parte de todas as administracións con competencias relacionadas coa xestión da auga, tanto a nivel estatal, autonómico, como local.

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa fixa como obxectivos xerais a consecución do bo estado e a axeitada protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial.

A planificación hidrolóxica é un proceso cíclico e iterativo, mediante o cal se deseñan as accións relacionadas co uso e a xestión das augas, coa finalidade de alcanzar determinados obxectivos ambientais e socioeconómicos, e ten que axustarse ás esixencias comunitarias.



O proceso de planificación hidrolóxica debe completarse cada seis anos e actualmente estase en proceso de revisión. Así, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, publicou, o 30 de abril deste ano, o inicio da fase de consulta pública da proposta do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa 2021-2027.

Tras recibir e analizar as achegas e suxestións recibidas, elaborárase o documento definitivo, que deberá ser autorizado polo Consello Reitor de Augas de Galicia para ser elevado logo ao Consello da Xunta para a súa aprobación. Tamén deberá ser informado polo Consello Nacional da Auga e completar a súa aprobación definitiva como Real Decreto por parte do Consello de Ministros. Tras superar estes trámites o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2021-2027 deberá ser remitido á Unión Europea a través do Goberno de España.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24958
Data envío: 15/11/2021 15:57:12.320

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:57:08

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 8967**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar a calidade das augas da ría de Muros e Noia e dos concellos que forman parte da bacía do Tambre”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O saneamento e a depuración son competencias municipais, segundo se establece na normativa básica en materia de réxime local. Así, de conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, a lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais.

Esta normativa reserva tamén á competencia municipal o tratamento das augas residuais e a prestación do servizo de rede de saneamento, incluíndo o control dos vertidos a esas redes no marco da normativa de aplicación.

Pese a elo, a Xunta vén realizando nos últimos anos importantes investimentos en actuacións en materia de abastecemento, saneamento e depuración na ría de Muros e Noia, apoiando aos concellos para unha mellor prestación dos servizos da auga, da súa competencia.

Así, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, investiu en Muros, entre outras actuacións, máis de 14 millóns de euros nos colectores xerais e na estación depuradora de augas residuais; 2,8 millóns de euros nos colectores xerais de Esteiro e Tal; 224.000 euros na mellora das infraestruturas hidráulicas na rúa dos Fornos e rúa dos Cuncheiros, na parroquia de Louro.



Tamén se executou o colector aliviadoiro de bombeo e acondicionamento no núcleo de Esteiro e nos colectores e na EDAR por importe de preto de 7 millóns de euros. A de Esteiro é unha das 28 depuradora que está a xestionar a Xunta de Galicia.

En Noia, Augas de Galicia investiu case 4,5 millóns de euros na rede de colectores xerais, na remodelación de equipos electromecánicos e en melloras na EDAR.

En Porto do Son resalizáronse obras por importe de case 14 millóns de euros nos colectores xerais e na EDAR, nos colectores xerais e na Edar de Baroña e en varias actuacións de saneamento en Lousame.

O plan director de saneamento de Noia está xa redactado, revisado, finalizado e entregado.

No que respecta ás verteduras, Augas de Galicia dispón do Plan de Control de Vertidos que ten como obxectivo principal asegurar a boa calidade das augas. Neste tempo lévanse realizado preto de 700 inspeccións na cunca da ría de Muros e de Noia coa fin de poñer en marcha as medidas administrativas necesarias que permitan minimizar o impacto da contaminación nas súas augas.

Como medida adicional para controlar os vertidos que se realizan nesta ría, tense establecido un protocolo de actuacións coa Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) que garante a correcta atención e resposta ás alertas en materia de vertidos que recibe o servizo de atención de emerxencias 112. Deste xeito, o persoal inspector está dispoñible 24 horas, 365 días ao ano para desprazarse ás zonas nas que se detectan alertas e establecer as medidas “in situ” que sexan necesarias para controlar os vertidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24956
Data envío: 15/11/2021 15:56:55.148

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:56:51

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 9118**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do informe do Consello de Contas de Galicia referido aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao período 2010-2016”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O goberno galego ven dende 2009 atendendo as recomendacións do Consello de Contas para mellorar a xestión financeira e o control do gasto. Os propios informes do Consello de Contas evidencian que a Xunta cumpre as recomendacións que fai o organismo fiscalizador.

En relación ao rexistro de entidades do sector público da Xunta de Galicia este entrará en funcionamento neste ano. O pasado mes de xullo de 2021 publicouse o anteproxecto de decreto no portal de transparencia aos efectos de dar cumprimento ao tramite de información pública.

O obxectivo é aglutinar nun rexistro propio e de carácter informativo toda información relativa as entidades instrumentais que forman parte do sector público autonómico.

Neste rexistro, que garante a información pública e a ordenación das entidades públicas, inscribíranse todos aqueles entes que xa forman parte do sector público autonómico, aqueles que se constitúan e os demais actos relacionados con eles que se determinen regulamentariamente.

A iniciativa ponse en marcha no marco da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral do sector público autonómico de Galicia e da cumprimento a unha das recomendacións do Consello de Contas.



Ata o momento da creación de este rexistro toda a información estaba recollida no Inventario de Entidades do Sector Público estatal, autonómico e local dependente do Ministerio de Hacienda, e podía consultarse tamén a través da web de Transparencia do Goberno galego.

En canto ao proceso de extinción de entidades o goberno ten posto en marcha varios procesos de integración do persoal dos entes e realizando procesos de homoxeneización das súas condicións laborais; un exemplo é que recentemente se publicou o decreto de extinción do CIXTEC e iniciado o proceso de integración do persoal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24955
Data envío: 15/11/2021 15:56:47.101

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:56:43

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -número: 11070, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o avance que presentan os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e o centro de Sarria**”, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A principios do ano 2017, a Axencia Galega de Infraestruturas iniciou a contratación para a redacción do proxecto de trazado, impacto ambiental e proxecto construtivo da primeira fase de desdoblamento da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre os enlaces da Pobra de San Xiao e Sarria centro. O obxecto da actuación é desdobrar o actual corredor C.G.-2.2 entre Nadela e Monforte de Lemos, no treito de 11,5 km de lonxitude que conecta o enlace A Pobra de San Xiao co enlace Sarria Centro.

Iniciar por este treito a conversión en autovía desta vía de altas prestacións débese á orografía complicada que presenta o tramo, con pendentes pronunciadas que reducen a velocidade dos vehículos e diminúen considerablemente as posibilidades de adiantamento, o que redunda nun menor nivel de servizo do viario, e que rexistra unha importante intensidade de tráfico polo que é máis necesario ampliar a súa capacidade.

A conversión en autovía deste treito está deseñada cos criterios técnicos esixentes e vai permitir facer o percorrido máis rápido, dun xeito máis seguro e con maior confort, xa que conta cunha velocidade de proxecto de 120 km/h.



O 9 de decembro de 2019 aprobouse o proxecto construtivo; o 13 de xaneiro de 2020 licitáronse as obras, que foron adxudicadas o 8 de xullo de 2020. O contrato asinouse o 16 de setembro de 2020 e as obras iniciáronse o 17 de outubro de 2020. Na actualidade este tramo atópase en plena execución.

A previsión da Axencia Galega de Infraestruturas é licitar a redacción do proxecto construtivo do resto do treito, ata Nadela, neste ano 2021.

En canto ao treito entre Sarria e Monforte, está na planificación da Xunta de Galicia pero cunha previsión temporal máis alonxada que o treito entre Nadela e Sarria, por dúas razóns obxectivas claras, que a intensidade de tráfico entre Nadela e Sarria é de máis de 7.000 vehículos ao día en toda a súa lonxitude, mentres que entre Sarria e Monforte rolda unha media de 4.000 vehículos ao día e que o treito entre Sarria e Monforte conta con terceiros carrís para adiantamento en ambos sentidos de circulación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24953
Data envío: 15/11/2021 15:56:29.914

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:56:26

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -número: 12467, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a exclusión financeira da cidadanía de Ourense que carece de sucursal bancaria nos seus concellos”**, (publicada no BOPG número 112 do 17 de marzo de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“Como xa se ten manifestado O Goberno galego en numerosas ocasións, a exclusión financeira é unha preocupación compartida polo Goberno galego que xa foi tratada en numerosos ocasións no Parlamento de Galicia.

Os acontecementos e as novas que están xurdir nos últimos meses incrementaron a inquedanza e o descontento social por un problema, como é o do acceso aos servizos bancarios e financeiros, fundamentalmente no ámbito rural, que afecta xa a máis da metade dos municipios en España.

Unha preocupación, unha inquedanza que é compartida polo goberno galego, pero non de agora, senón xa de hai tempo, e de feito, a Xunta de Galicia foi unha das primeiras Comunidades autónomas en abordar o problema e leva desde o ano 2109, en coordinación e colaboración coa FEGAMP, na busca de solucións e de medidas que teñen como único obxectivo o de facilitar que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos a servizos financeiros.

Estamos ante unha problemática nacional e así o pasado ano pecháronse en España máis de 1.600 oficinas e desde o ano 2008 pecháronse mais de 23.000 sucursais, o que supón un axuste de mais do 51% con Comunidades autónomas como Cataluña cunha caída dun 64%.



Esta problemática, aínda que non é exclusiva, é nas zonas rurais onde se está vendo mais agravada e en España hai mais de 4.200 concellos que carecen de oficina bancaria no seu termo municipal.

Por todo isto a Xunta de Galicia ven reclamando unha diagnose, un tratamento e unha solución coordinada por parte das diferentes administracións e capitaneada polo Goberno de España porque estamos ante unha problemática xeneralizada.

Desta forma o Goberno galego xa ten reclamado, en diferentes ocasións, ao goberno central o que xa foi aprobado o 9 de setembro de 2020 nunha moción do grupo parlamentario socialista no Senado; a necesidade de que se elabore un estudo completo e detallado que analice a situación do mercado financeiro, para a partir do mesmo, elaborar unha estratéxica global con medidas que faciliten e garantan o acceso da poboación aos servizos financeiros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24951
Data envío: 15/11/2021 15:56:13.695

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:56:10

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 12607**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir no futuro o retorno público das sete centrais hidroeléctricas da bacía Galicia-Costa con expediente de extinción da concesión en trámite”**, (publicada no BOPG número 112 do 17 de marzo de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa hai 4 instalacións cuxo dereito concesional está en trámite de extinción por transcurso de prazo de vixencia e son o aproveitamento de Ponte Inferno, no río Verdugo; o de Güimil, no río Lembre; o de La Castellana, no río Mandeo e de Fervenzas, no río Vexo.

Todos estes procedementos están iniciados e pendentes da emisión do correspondente informe polo Servizo encargado de Augas de Galicia, no marco da tramitación establecida no Regulamento do dominio público hidráulico.

Respecto do aproveitamento hidroeléctrico no río Anllóns foi ditada xa a resolución declarativa da extinción do dereito concesional.

A finalización do prazo outorgado para as concesións representa unha causa de extinción dos títulos habilitantes, que está regulada expresamente na lexislación sectorial de aplicación.



Tamén está regulado o procedemento de extinción e a análise de alternativas existentes cara ao futuro do aproveitamento.

A extinción dos dereitos concesionais relativos ás concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración Hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso por caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades.

As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural.

Nos casos nos que resulte viable e exista posibilidade de elección da alternativa de continuidade da explotación hidroeléctrica, esta xestión realizarase mediante un modelo que reverta no interese público.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24949
Data envío: 15/11/2021 15:55:55.726

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:55:51

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -número: 6883, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o Plan director de saneamento de Noia**”, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Os plans de saneamento local son unha ferramenta que parte da análise do funcionamento dos sistemas e da identificación dos problemas para proxectar actuacións que permitan resolver as deficiencias detectadas. No caso de Noia, o plan director de saneamento está xa redactado, revisado, finalizado e entregado.

A conclusión do pormenorizado estudio realizado é que, para seguir optimizando o sistema de saneamento e depuración deste municipio, que é competencia da administración local, é imprescindible actuar na depuradora, xa que presenta deficiencias de funcionamento e de capacidade, e na rede, que precisa novos bombeos e colectores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2021 11:18:25
Nº Rexistro: 25115
Data envío: 18/11/2021 11:18:25.817

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2021 11:18:21

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª -**número: 7195**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **“as concesións para aproveitamentos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa-Augas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa hai 4 instalacións cuxo dereito concesional está en trámite de extinción por transcurso de prazo de vixencia e son o aproveitamento de Ponte Inferno, no río Verdugo; o de Güimil, no río Lembre; o de La Castellana, no río Mandeo e de Fervenzas, no río Vexo.

Todos estes procedementos están iniciados e pendentes da emisión do correspondente informe polo Servizo encargado de Augas de Galicia, no marco da tramitación establecida no Regulamento do dominio público hidráulico.

Respecto do aproveitamento hidroeléctrico no río Anllóns foi ditada xa a resolución declarativa da extinción do dereito concesional.

A finalización do prazo outorgado para as concesións representa unha causa de extinción dos títulos habilitantes, que está regulada expresamente na lexislación sectorial de aplicación.

Tamén está regulado o procedemento de extinción e a análise de alternativas existentes cara ao futuro do aproveitamento.



A extinción dos dereitos concesionais relativos ás concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración Hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso por caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades.

As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural.

Nos casos nos que resulte viable e exista posibilidade de elección da alternativa de continuidade da explotación hidroeléctrica, esta xestión realizarase mediante un modelo que reverta no interese público.

Respecto a zona Miño Sil, Augas de Galicia non ten ningunha competencia.

Respecto das cuestións sobre cales son as concesións para aproveitamentos hidroeléctricos no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa-Augas de Galiza, os datos solicitados atópanse á súa disposición na páxina web de Augas de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24963
Data envío: 15/11/2021 15:57:53.133

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:57:49

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. Ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7197**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista de Galicia, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, sobre **“o estado de tramitación de seis expedientes de extinción de concesións de saltos hidráulicos de competencia da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

Na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa hai 4 instalacións cuxo dereito concesional está en trámite de extinción por transcurso de prazo de vixencia e son o aproveitamento de Ponte Inferno, no río Verdugo; o de Güimil, no río Lembre; o de La Castellana, no río Mandeo e de Fervenzas, no río Vexo.

Todos estes procedementos están iniciados e pendentes da emisión do correspondente informe polo Servizo encargado de Augas de Galicia, no marco da tramitación establecida no Regulamento do dominio público hidráulico.

Respecto do aproveitamento hidroeléctrico no río Anllóns foi ditada xa a resolución declarativa da extinción do dereito concesional.

A finalización do prazo outorgado para as concesións representa unha causa de extinción dos títulos habilitantes, que está regulada expresamente na lexislación sectorial de aplicación.

Tamén está regulado o procedemento de extinción e a análise de alternativas existentes cara ao futuro do aproveitamento.

A extinción dos dereitos concesionais relativos ás concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración Hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso por caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades.



As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural.

Nos casos nos que resulte viable e exista posibilidade de elección da alternativa de continuidade da explotación hidroeléctrica, esta xestión realizarase mediante un modelo que reverta no interese público.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24962
Data envío: 15/11/2021 15:57:45.008

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:57:41

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -número: 8085, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas ou que vai adoptar a Xunta de Galicia destinadas a recuperar a calidade das augas do río Eume, tanto dende o punto de vista ecolóxico como para o seu consumo”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Consello Reitor de Augas de Galicia aprobou o pasado mes de setembro unha proposta de sanción a Endesa polo episodio de turbidez que tivo lugar o pasado verán no río Eume por importe de case 1,9 millóns de euros. Unha resolución que é consecuencia do incumprimento das condicións do réxime de explotación por parte da empresa concesionaria do encoro do Eume e pola desatención dos requirimentos efectuados desde Augas de Galicia.

A Xunta vén realizando un seguimento continuo no encoro que consiste na toma de mostraxes e análíticas de parámetros químicos, fisicoquímicos e biolóxicos das masas de augas. Así, no río Eume hai 3 puntos de control, un augas arriba do encoro e dous augas abaixo do mesmo, nos que tamén se fan controis rutineiros segundo o establecido na lexislación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25009
Data envío: 16/11/2021 16:10:01.558

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/11/2021 16:09:53

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -**número: 8090**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a implantación polo Goberno galego dun plan integral de rexeneración das rías e dos ríos de Galicia para esta lexislatura 2020-2024, así como a mellora das EDAR existentes e dos procesos de tratamento e xestión das verteduras das augas residuais”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Nas demarcacións hidrográficas, a planificación hidrolóxica realízase mediante a redacción, seguimento e actualización dos plans hidrolóxicos de conca, en función do establecido na Directiva Marco da Auga e demais normativa de aplicación.

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa realiza unha análise exhaustiva do medio hídrico e, basándose nela, realiza unha avaliación do estado das masas de auga da demarcación. A partir dos resultados desta diagnose, establécense as medidas que se deben desenvolver para conseguir unha axeitada xestión dos recursos hídricos e do ciclo integral da auga.

Augas de Galicia actúa como promotora do plan e coordinadora de todo o proceso, pero a planificación hidrolóxica inclúe as medidas a adoptar por parte de todas as administracións con competencias relacionadas coa xestión da auga, tanto a nivel estatal, autonómico, como local.

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa fixa como obxectivos xerais a consecución do bo estado e a axeitada protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial.



A planificación hidrolóxica é un proceso cíclico e iterativo, mediante o cal se deseñan as accións relacionadas co uso e a xestión das augas, coa finalidade de alcanzar determinados obxectivos ambientais e socioeconómicos, e ten que axustarse ás esixencias comunitarias.

O proceso de planificación hidrolóxica debe completarse cada seis anos e actualmente estase en proceso de revisión. Así, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, publicou, o 30 de abril deste ano, o inicio da fase de consulta pública da proposta do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa 2021-2027.

Tras recibir e analizar as achegas e suxestións recibidas, elaborárase o documento definitivo, que deberá ser autorizado polo Consello Reitor de Augas de Galicia para ser elevado logo ao Consello da Xunta para a súa aprobación. Tamén deberá ser informado polo Consello Nacional da Auga e completar a súa aprobación definitiva como Real Decreto por parte do Consello de Ministros. Tras superar estes trámites o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2021-2027 deberá ser remitido á Unión Europea a través do Goberno de España.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)





**XUNTA
DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24957
Data envío: 15/11/2021 15:57:03.398



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24957
Data envío: 15/11/2021 15:57:03.398

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:56:59

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -**número: 8806**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a penalización por parte de Augas de Galicia da participación veciñal en labores de conservación do patrimonio natural e cultural na limpeza do regato Maceiras en Chapela”**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta considera necesario promover a realización de actividades que teñan por finalidade a colaboración coa administración na conservación e mantemento do dominio público hidráulico incentivando condutas baseadas no principio de participación e corresponsabilidade da cidadanía na preservación do medio ambiente.

A tal fin a Xunta ten feito unha proposta de modificación da Lei 6/2003, do 11 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de eximir da taxa por actuacións menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico, establecida nesta lei, aos suxeitos pasivos que teñan a condición de entidades ou asociacións de carácter ambiental, cultural, educativo ou deportivo e, en xeral, todas aquelas que sen ánimo de lucro, anque carezan de personalidade xurídica, que realicen actuacións voluntarias de mantemento e conservación do dominio público hidráulico, das definidas no apartado 1 da disposición adicional segunda do Decreto 1/2015, segundo redacción dada polo Decreto 42/2020, de 30 de xaneiro que modifica determinadas disposicións vixentes en materia de augas.

A proposta de modificación para establecer esta exención foi incluída no anteproxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2021.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25007
Data envío: 16/11/2021 15:43:38.667

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/11/2021 15:43:34

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -**número: 9184**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración polo Goberno da Xunta de Galicia do cumprimento das obrigas establecidas na da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario”**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantías do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario ten como obxectivo mellorar o funcionamento dos sistemas de abastecemento de auga e a coordinar de forma responsable a actuación en período de seca, así como garantir a subministración en cantidade e calidade idóneas á poboación, reducir a vulnerabilidade dos sistemas e protexer a saúde pública fronte a situacións adversas como a seca.

A Xunta promoveu este texto lexislativo pioneiro para que Galicia estea preparada para adaptar a xestión da auga ao novo contexto de cambio climático e para que todas as administracións públicas poidan dar unha resposta áxil e coordinada ante este tipo de situacións.

Tras a aprobación da Lei, a Xunta de Galicia está a traballar para que se cumpran os obxectivos marcados nela e segue a prestar apoio técnico e financeiro ás administracións locais nas súas responsabilidades de proporcionar auga á poboación.



Con este obxectivo, desde 2019, o Goberno galego sacou tres convocatorias consecutivas de axudas aos concellos para a elaboración de plans de emerxencia fronte á seca, co obxectivo de que en 2022, polo menos, 60 municipios dispoñan desta ferramenta.

Con esta medida a Xunta quere fomentar a prevención e a anticipación, tendo en conta que ningún municipio contaba ata o momento cun plan deste tipo e que o episodio de seca de 2017 evidenciou a vulnerabilidade dos sistemas de abastecemento.

O apoio da Xunta de Galicia aos concellos ten tamén carácter técnico, tendo en conta as dificultades que pode implicar a elaboración dun documento desta magnitude, especialmente para os municipios pequenos. Para isto publicouse na páxina web de Augas de Galicia unha guía de plan municipal de emerxencia fronte á seca coa fin de servir de referencia para o traballo dos concellos.

Ademais, o pasado mes de maio, a Xunta fixo a primeira convocatoria de axudas aos concellos de menos de 50.000 habitantes para a instalación de dispositivos de medición do caudal da auga que detecten fugas nas redes de abastecemento municipal, á que se engadiu, un mes despois, outra convocatoria de axudas co mesmo fin, pero neste caso dirixidas especificamente ás comunidades de usuarios de abastecemento.

A Xunta tamén promove, a través dunha convocatoria de axudas publicada o pasado mes de abril, a implantación de plans municipais de abastecemento autónomo entre os concellos galegos de menos de 5.000 habitantes. Con esta iniciativa a administración autonómica pretende que os concellos dispoñan de información detallada sobre o nivel de garantía do abastecemento de auga potable á súa poboación, máis alá das súas redes municipais, e que contén cun instrumento básico para planificar as intervencións de mellora precisas, que redundará na mellora da prestación deste servizo básico, de competencia municipal.

A Xunta concedeu ademais, no marco da primeira convocatoria de achegas para mellorar os sistemas de abastecemento xestionados por comunidades de usuarios, 54 axudas para a implantación e o desenvolvemento de proxectos de mellora da calidade de auga das traídas veciñais, cun investimento global de 555.000 euros. A administración autonómica xa manifestou a súa intención de convocar este ano unha nova edición desta liña de axudas.





**XUNTA
DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2021 11:18:17
Nº Rexistro: 25114
Data envío: 18/11/2021 11:18:17.567



A maiores, a Xunta convocou o pasado mes de marzo axudas por importe de 4 millóns de euros para que os concellos de menos de 5.000 habitantes poidan executar obras de abastecemento, saneamento e depuración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2021 11:18:17
Nº Rexistro: 25114
Data envío: 18/11/2021 11:18:17.567

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2021 11:18:13

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -número: 11071, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o avance que presentan os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e o centro de Sarria, e as características técnicas máis salientables desta actuación”**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A principios do ano 2017, a Axencia Galega de Infraestruturas iniciou a contratación para a redacción do proxecto de trazado, impacto ambiental e proxecto construtivo da primeira fase de desdoblamento da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre os enlaces da Pobra de San Xiao e Sarria centro. O obxecto da actuación é desdobrar o actual corredor C.G.-2.2 entre Nadela e Monforte de Lemos, no treito de 11,5 km de lonxitude que conecta o enlace A Pobra de San Xiao co enlace Sarria Centro.

Iniciar por este treito a conversión en autovía desta vía de altas prestacións débese á orografía complicada que presenta o tramo, con pendentes pronunciadas que reducen a velocidade dos vehículos e diminúen considerablemente as posibilidades de adiantamento, o que redunda nun menor nivel de servizo do viario, e que rexistra unha importante intensidade de tráfico polo que é máis necesario ampliar a súa capacidade.

A conversión en autovía deste treito está deseñada cos criterios técnicos esixentes e vai permitir facer o percorrido máis rápido, dun xeito máis seguro e con maior confort, xa que conta cunha velocidade de proxecto de 120 km/h.



O 9 de decembro de 2019 aprobouse o proxecto construtivo; o 13 de xaneiro de 2020 licitáronse as obras, que foron adxudicadas o 8 de xullo de 2020. O contrato asinouse o 16 de setembro de 2020 e as obras iniciáronse o 17 de outubro de 2020. Na actualidade este tramo atópase en plena execución.

A previsión da Axencia Galega de Infraestruturas é licitar a redacción do proxecto construtivo do resto do treito, ata Nadela, neste ano 2021.

En canto ao treito entre Sarria e Monforte, está na planificación da Xunta de Galicia pero cunha previsión temporal máis alonxada que o treito entre Nadela e Sarria, por dúas razóns obxectivas claras, que a intensidade de tráfico entre Nadela e Sarria é de máis de 7.000 vehículos ao día en toda a súa lonxitude, mentres que entre Sarria e Monforte rolda unha media de 4.000 vehículos ao día e que o treito entre Sarria e Monforte conta con terceiros carrís para adiantamento en ambos sentidos de circulación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24952
Data envío: 15/11/2021 15:56:21.930

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:56:18

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª -**número: 12604**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de tramitación dos expedientes de extinción das concesións de sete centrais hidroeléctricas da bacía Galicia-Costa e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 112 do 17 de marzo de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa hai 4 instalacións cuxo dereito concesional está en trámite de extinción por transcurso de prazo de vixencia e son o aproveitamento de Ponte Inferno, no río Verdugo; o de Güimil, no río Lambre; o de La Castellana, no río Mandeo e de Fervenzas, no río Vexo.

Todos estes procedementos están iniciados e pendentes da emisión do correspondente informe polo Servizo encargado de Augas de Galicia, no marco da tramitación establecida no Regulamento do dominio público hidráulico.

Respecto do aproveitamento hidroeléctrico no río Anllóns foi ditada xa a resolución declarativa da extinción do dereito concesional.

A finalización do prazo outorgado para as concesións representa unha causa de extinción dos títulos habilitantes, que está regulada expresamente na lexislación sectorial de aplicación.

Tamén está regulado o procedemento de extinción e a análise de alternativas existentes cara ao futuro do aproveitamento.



A extinción dos dereitos concesionais relativos ás concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración Hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso por caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades.

As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural.

Nos casos nos que resulte viable e exista posibilidade de elección da alternativa de continuidade da explotación hidroeléctrica, esta xestión realizarase mediante un modelo que reverta no interese público.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25006
Data envío: 16/11/2021 15:43:22.089

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/11/2021 15:43:08

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -número: 13331, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coas verteduras contaminantes procedentes da antiga mina de Varilongo, no concello de Santa Comba”**, (publicada no BOPG número 119 do 5 de abril de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Augas de Galicia, con data do 20 de abril de 2010, outorgou unha autorización de vertido a Cantera de la Mina, SL para a explotación mineira “Costa del Perro Nº 129”, dedicada á obtención de áridos, que foi modificada parcialmente o 24 de maio de 2013 no relativo á periodicidade de control do vertido.

O 17 de novembro de 2020 Augas de Galicia efectuou unha inspección que deu lugar á incoación, con data do 18 de decembro de 2020, dun expediente sancionador contra Galicia Tin & Tungsten, S.L. por vertido non autorizado ao regato dos Lagos do efluente da mina de Varilongo - Carballeira, que se corresponde coa explotación “Carmen”, explotación mineira de interior dedicada á extracción de wolframio.

O 18 de marzo de 2021 emitíuse o acordo de suspensión deste procedemento en virtude do disposto no art.120 do Texto Refundido da Lei de Augas, despois de que o Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago de Compostela, por providencia acordada nas Dilixencias Previas 1092/2020, requirira información de Augas de Galicia en relación co vertido obxecto do expediente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2021 13:21:33
Nº Rexistro: 25000
Data envío: 16/11/2021 13:21:33.933

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/11/2021 13:21:29

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22485**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a cobertura da praza da traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo”**, (publicada no BOPG número 207 do 30 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 22483 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 26-27/10//2021; á que nos remitimos porque serviu para explicar que o CEE Saladino Cortizo de Vigo presta unha boa atención educativa e conta cos recursos materiais e humanos que precisa para poder facelo.

O CEE Saladino Cortizo de Vigo ten a súa orixe nun centro de educación especial do que era titular a “Caja de Ahorros y Monte de Piedad de Vigo”. En 1994 este centro foi transferido á Consellería de Educación coa subrogación do seus traballadores, entre eles, unha traballadora social que tiña contrato desde 1977.

Baixo a normativa vixente, a persoa que exercía de traballadora social foi a titular da praza ata a súa xubilación o día 31 de xullo de 2021, a partir dese momento, quedou amortizada a praza.

Con carácter xeral, a relación de postos de traballo (RPT) dos centros educativos especiais non contan con traballadores sociais nin con asistentes sociais. A atención préstase a través doutros perfís profesionais vencellados ao ámbito docente e de atención á diversidade. A contratación deste tipo de persoal da área social é unha competencia que, principalmente, recae nos concellos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24948
Data envío: 15/11/2021 15:55:46.430

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:55:42

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23175**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a contaminación nos ríos Deza e Asneiros”**, (publicada no BOPG número 211 do 7 de outubro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 23173, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 27 de outubro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade salientou, entre outras cuestións, que antes de que remate o ano vanse licitar as obras do novo tanque de tormentas de Lalín, que suporá un investimento da Xunta de máis de 6 millóns de euros. Dixo que esta é unha das actuacións que o Goberno galego vai a desenvolver para previr as verteduras en Lalín e que forma parte das medidas previstas no Plan de saneamento local impulsado por Augas de Galicia.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZDhiN2EyN2MtNjFmYy00Y2YwLTk5MGEtNDdIZGYxYWM0ZmYw&start=8855](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDhiN2EyN2MtNjFmYy00Y2YwLTk5MGEtNDdIZGYxYWM0ZmYw&start=8855)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZDhiN2EyN2MtNjFmYy00Y2YwLTk5MGEtNDdIZGYxYWM0ZmYw&start=9180](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDhiN2EyN2MtNjFmYy00Y2YwLTk5MGEtNDdIZGYxYWM0ZmYw&start=9180)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24947
Data envío: 15/11/2021 15:55:31.555

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 15:55:21

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23342**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“o desafiuzamento das familias inquilinas das vivendas da Sareb no concello de Silleda”**, (publicada no BOPG número 213 do 15 de outubro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dispón de ferramentas para atender ás persoas e familias que se atopan en risco ou situación de desafiuzamento da vivenda habitual.

Neste sentido, o programa integral de loita contra o desafiuzamento da vivenda habitual, constitúe o marco integrado de coordinación dos servizos destinados a atender ás persoas e familias en risco ou situación de desafiuzamento da vivenda habitual, para darlles apoio, coa finalidade de:

- Previr unha posible situación de desafiuzamento.
- Evitar o desafiuzamento, se fose posible.
- Se non se puidese evitar, paliar os seus efectos coa aplicación dos recursos axeitados a cada situación.

O risco de desafiuzamento, xa sexa pola imposibilidade do pagamento da renda de alugueiro ou da cota hipotecaria, sempre ten que referirse á vivenda habitual.

Nunha situación de desafiuzamento, os servizos sociais municipais valoran a activación de recursos sociais cando detectan unha situación de vulnerabilidade.

En referencia ás familias inquilinas das vivendas do SAREB, non consta ningunha solicitude neste sentido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24967
Data envío: 15/11/2021 16:14:08.820

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2021 16:14:04

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23467**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a información relativa aos datos de contaxios e falecementos por covid-19 nos centros de atención residencial para persoas maiores”**, (publicada no BOPG número 213 do 15 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social leva dezasete meses enviando un informe diario a todos os medios de comunicación con cada caso positivo rexistrado en cada centro residencial, ademais da idade e o sexo de cada falecido que se produciu.

Tamén informamos ao Ministerio de Sanidade dúas veces por semana tal e como pediu. Aínda hoxe, sen apenas casos, seguimos informando semanalmente dos casos que se producen nas residencias entre os seus usuarios.

A día de hoxe, nas residencias de maiores de Galicia hai rexistrados dous casos positivos entre os residentes, o que representa o 0,04% do total.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2021 11:18:07
Nº Rexistro: 25113
Data envío: 18/11/2021 11:18:07.879

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2021 11:18:03

CSV: BOPGDSPG-3tuJdwvFd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

